




CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Correo: contratacion@arteixo.org

EXP: 2012/C004/000003

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE “ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA COMPROBACIÓN E/OU INSPECCIÓN FISCAL DE TRIBUTOS LOCAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO”

1. OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO

O presente Prego ten por obxecto a contratación do SERVIZO que se describe no apartado A), do **CADRO** anexo consonte ás características que figuran no prego de prescricións técnicas.

A prestación axustarase ás condicións figuradas neste Prego e no de prescricións técnicas, que se adxuntan ó presente e forman parte integrante do mesmo.

Este contrato ten carácter administrativo típico sendo o seu obxecto a contratación dun servizo. Rexerase polo establecido neste Prego, polo Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de Novembro, co que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en diante TRLCSP, e polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en diante RXLCAP, e na medida en que non se opoña ó TRLCSP, en virtude do disposto na disposición derogatoria única deste último.

A presente contrata adxudicarase polo procedemento aberto previsto nos artigos 138 e 157 a 161 do TRLCSP. Para a selección da oferta economicamente máis vantaxosa con diversos criterios de adxudicación seguíndose o procedemento por TRAMITACIÓN ordinaria, segundo os artigos 109 e 150 a 152.

2. ORZAMENTO, EXISTENCIA DE CRÉDITO, IMPOSTOS E REVISIÓN DE PREZOS

O sistema para a determinación do prezo do contrato será o que se determine no apartado B) do **CADRO** anexo, sendo o seu importe máximo para os efectos de licitación, o que figura no apartado C) de dito **CADRO** anexo.

A aplicación orzamentaria das obrigas económicas que se derivan do cumprimento deste contrato, figura no apartado D) do **CADRO** anexo.

Existe crédito suficiente ata o importe do orzamento aprobado pola administración.

Para todos os efectos, entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden os tributos que lle sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes, a excepción do IVE, que figurará en contía aparte.

O prezo do contrato poderá ser obxecto de revisión, sempre e cando se recolla esta posibilidade e condicións da mesma no apartado E) do **CADRO** anexo, de conformidade co






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



regulamentado nos artigos 89 a 94 do TRLCSP. As revisións que no seu caso procedan, modificarán, incrementando o diminuindo, a valoración mensual do traballo que compre realizar.

No caso de que o contrato se formalice no exercicio anterior ao da iniciación da execución, a adjudicación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

3. EMPRESAS PROPOÑENTES: DOCUMENTACIÓN

3.1 Empresas licitadoras

Poderán presentar proposicións as persoas, naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos que sexa esixíbel pola TRLCSP.

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderanse ter en conta as sociedades, pertencentes ao grupo, para os efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou da correspondente clasificación, no seu caso, da persoa xurídica dominante, sempre e cando este acredite que ten efectivamente á súa disposición os medios de ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto de conformidade co art. 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ha de ostentar a plena representación de todos eles fronte á administración e que asumen o compromiso de constituíronse en Unión Temporal de Empresas (art. 24 do RXLCAP). O devandito documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.


A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

3.2 Proposicións

Os licitadores presentarán **tres sobres pechados** e **asinados polo mesmo ou persoa que o represente**, selando a solapa con adhesivo, e nos que se indicarán ademais da razón social e denominación da entidade licitadora, **o título do procedemento**, e conterán:

O primeiro **A)** a documentación esixida para tomar parte na licitación.

O segundo **B)** a correspondente ás referencias técnicas






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: Contratacion@arteixo.org

O terceiro **C)** a proposición económica axustada ao modelo que se inclúe neste prego e, no seu caso, a presentación das melloras avaliábeis mediante fórmula definida nos pregos e nas prescricións técnicas.

Tódolos datos deberán figurar no fronte do sobre mentres que a sinatura deberá plasmarse na solapa unha vez pechado o mesmo.

Asimesmo deberá de facerse constar, no caso de que se trate de procedementos nos que existen lotes se a proposición e a oferta se refire a tódolos lotes ou a algún deles.

3.2.1 Garantía provisional

A garantía provisional ascenderá ó 3% do presuposto máximo de licitación do contrato, e **esixirase unicamente cando así o sinale o apartado N)** do **CADRO** de características co obxecto de responder do mantemento das ofertas ata a adxudicación do contrato. Deberá de cumprimentarse en todo caso dacordo co modelo anexo a estos pregos ou ós diferentes modelos que figuran na web do Concello de Arteixo: www.arteixo.org.

Na documentación administrativa do Sobre "A" descrita no seguinte punto deberá axuntarse resgardo acreditativo de ter constituída a garantía a favor do Concello de Arteixo en calquera das formas presivstas no artigo 103 do TRLCSP e no seu desenvolvemento nos artigos 56, 57 e 58 do RXLCAP.

No caso de Unións Temporais de Empresarios, a garantía provisional poderá constituirse por unha ou por varias das empresas participantes na Unión, sempre que, en conxunto, acádese a contía total requirida e garanta solidariamente a todos os integrantes da Unión Temporal.


3.2.2 Documentación administrativa. Sobre "A"

En dito sobre deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos:

a) A **capacidade de obrar** dos empresarios que foran persoas xurídicas que se acreditará mediante escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible consonte á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea ou signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos Rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP en función dos diferentes contratos.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificarse mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que acompañará a documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico,
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel.: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

enumerados no artigo 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga. Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio, segundo dispón o artigo 55 do TRLCSP.

No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou as súas fotocopias debidamente autenticadas.

b) **Declaración responsable** de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP que comprenderá expresamente a circunstancia da estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. A proba desta circunstancia poderá facerse por calquera dos medios sinalados no artigo 73 do TRLCSP.

c) **Poder bastante** para o efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Dito poder deberá de ser bastanteadado pola secretaría do Concello de Arteixo ou presentarse bastanteadado por quen teña facultades de fe pública. A data da sinatura do bastanteadado deberá de ser como máximo dos últimos seis meses respecto da presentación da proposición.

Non será preciso presentar o bastanteadado cando o firmante da proposición e documentación teña condición de administrador único, ou solidario.

d) Os que xustifiquen os **requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional**, e que se sinalan no apartado F) do **CADRO** Anexo. Este requisito será substituído pola clasificación que se indica no apartado F) do **CADRO** Anexo nos casos previstos no artigo 65 do TRLCSP. Cando ésta sexa esixible e no caso de que o período de vixencia non aparecese reflectido no certificado de clasificación, deberá de acompañarse unha declaración responsable de que dita clasificación está vixente.


e) As empresas extranxeiras aportarán unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poideran surxir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional extranxeiro que poidera corresponder ao licitante.

f) Unha relación de tódolos documentos incluídos neste sobre.

g) No caso de que se esixa garantía provisional deberá de xustificarse tela prestada no momento de finalización do prazo de presentación de ofertas, mediante o resguardo xustificativo entregado pola tesourería municipal, que se presentará grapado ou pegado na parte posterior do sobre "A".

h) Copia do último recibo da póliza de Responsabilidade Civil pagada polo licitador para responder dos danos que poida xerar a súa actividade.

As empresas inscritas no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia ou da Deputación da Coruña, quedarán dispensadas de aportar toda aquela documentación que conste en tal rexistro, debendo de aportar para isto copia ou certificado do mesmo, así como unha






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



declaración responsable respecto da non variación das circunstancias consignadas en dita copia ou certificado.

PRÉGASE ÓS LICITADORES ESPECIAL DILIXENCIA EN CANTO A:

- Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas por notario, pola secretaría Municipal ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.
- Prégase que se absteñan de introducir no sobre "A" documentos ou información non solicitada ou da que se atopen dispensados da súa entrega
- Tódalas declaracións que se presenten deberán estar asinadas polo licitador, se estivesen integradas por varias follas, e se se presentaran grapadas bastará que se asine a primeira e última folla de cada declaración.

3.2.3 Referencias Técnicas. Sobre "B"

Conterá, entre outros, aqueles documentos referidos á prestación do servizo sinalados no apartado **G)** do **CADRO** anexo constitutivos acreditativos das circunstancias a ter en conta na valoración das ofertas de acordo cos criterios de adxudicación do procedemento que dependan dun xuízo de valor co detalle establecido no Prego de Prescricións Técnicas.


Introducírase neste sobre tódolos os documentos que así estableza o cadro de puntuacións, por depender dun xuízo de valor.

3.2.4 Proposición económica e melloras. Sobre "C"

Presentarase na forma especificada na cláusula 3.2, engadindo a referencia "Proposición Económica", redactada conforme ao modelo que se inserta a continuación:

" Don con DNI núm..... natural de provincia..... maior de idade e con enderezo enR/.....teléfono.....actuando en nome (propio ou da empresa a que represente), manifesta que, recibiu a invitación ,e conforme con tódolos requisitos e condicións que se esixen para a adxudicación mediante procedemento aberto o contrato de.....e do Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexira dita licitación, os que leeu comprende e acepta.

E na representación que ostenta comprométese a asumir o cumprimento de dito contrato baixo as seguintes condicións:






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel.: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

_____ % sobre as cantidades recaudadas nos expedientes de procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal realizadas polo contratista que teñan a su arixe na instrucción de expedientes de comprobación e /ou inspección e sancionadores que se realicen durante a vixencia do contrato.

Asimesmo acompañaranse os documentos que sinalen os pregos de prescricións técnicas como oferta relativa ós diferentes criterios de puntuación.

Lugar, data, firma e selo"

- **No caso de facer oferta en concepto de melloras deberase de introducir obrigatoriamente no sobre "C" para que se proceda a súa puntuación. A oferta de melloras presentada en calquera outro sobre non será puntuada**
- **A introdución da oferta económica en calquera outro sobre distinto ao "C" levará a exclusión do licitador que incorra neste devandito suposto**

Cada licitador non poderá presentar máis ca unha soa proposición, calquera que sexa o número de dependencias onde esta poida ser presentada. Tampouco poderá subscribir proposta algunha en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. **A contravención deste principio dará lugar automaticamente á desestimación de todas as por el presentadas.**


Con todo, cando se tivese previsto no apartado H) do **CADRO** anexo, os licitadores poderán presentar máis dunha proposición, consonte aos elementos e condicións que se determinen no mesmo. Especialmente no referente a variantes e melloras cando se recollesen entre os criterios de puntuación.

No caso de que se tivese previsto no apartado H), presentarán, xunto coa proposición económica normal, as demais proposicións que correspondan ás distintas solucións que acheguen facendo constar a xustificación de cada unha delas ademais dos datos esixidos no devandito modelo de proposición.

3.2.5 Lugar e prazo de entrega

Os devanditos sobres deberán entregarse no lugar que se indica no apartado I) do **CADRO** anexo e que se indica na solicitude das ofertas, ou enviados polo correo dentro do prazo sinalado nos anuncios publicados nos Boletíns ou diarios oficiais. Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax no mesmo día, axuntando dita xustificación (copia da imposición en correos na que figure con claridade data do envío) ó número 981 640 667. Sen a concurrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo. Transcorridos, con todo, 10 días naturais seguintes á indicada data sen terse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

3.2.6 Exame das proposicións. A Mesa de Contratación cualificará previamente os documentos presentados en tempo e forma contidos no sobre "A". Para os efectos da antedita cualificación, o presidente ordenará a apertura destes sobres e o secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles. Se a Mesa observase eivas materiais na documentación presentada comunicarallo verbalmente ou por fax ás persoas interesadas. O órgano de contratación concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador emende o erro.

A Mesa, unha vez cualificada a documentación acreditativa das anteditas circunstancias nos artigos 54 e ss. do TRLCSP e reparados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección das mesmas, a que se refire o art. 11 do RXLCAP, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

Para os efectos establecidos nos artigos 54 a 64 TRLCSP, o órgano e a Mesa de Contratación poderanlle solicitar ao empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou requirilo para a presentación doutros complementarios, o que deberá cumprir no prazo de cinco días sen que poidan presentarse despois de declaradas admitidas as ofertas consonte ao disposto no art. 83.6 do RXLCAP.

A continuación realizarase a apertura e avaliación da documentación do sobre "B" das proposicións admitidas, correspondente cos criterios que requiren para ser aplicados dun xuízo de valor. En todo caso esta avaliación deberá ser sempre efectuada con carácter previo á apertura e avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, presentadas no sobre "C", do que fai referencia o párrafo seguinte.


No acto público de apertura de proposicións celebrado no lugar, data e hora sinalados no apartado J) do **CADRO** anexo notificaranse os admitidos ou excluídos. Seguidamente, a Mesa procederá á apertura do sobre "B" das proposicións admitidas que contén a proposta económica e as melloras avaliábeis. A Mesa avaliará as proposicións mediante os criterios de valoración que se recollen por orde decrecente de importancia e ponderación no apartado K) do **CADRO** anexo do presente prego, e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación. A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios que teñan relación co obxecto do contrato.

A Mesa de Contratación, de acordo co disposto no art. 320 do TRLCSP elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e valoración ao órgano de contratación.

3.2.7 Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

A) Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as devanditas ofertas. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

B) Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:





CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



- Número de ofertas: 1. A oferta é temeraria se é inferior en máis dun 25,00% á porcentaxe máxima de licitación indicada no apartado B) do **CADRO** anexo
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta temeraria se é inferior a outra en máis dun 20,00%
- Número de Ofertas: 3. Serán ofertas temerarias aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 10,00% de dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 10,00% da mesma. En calquera caso, consideraranse temerarias todas as ofertas inferiores en máis dun 25,00% á porcentaxe máxima de licitación indicada no apartado B) do **CADRO** anexo.
- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse temerarias aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 10,00% de dita media. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 10,00% da mesma, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Adecuada xustificación da porcentaxe ofertada, que como mínimo comprenderá unha explicación dos costes asociados á prestación do servizo e a estimación dos ingresos que estimen acadar co mesmo, ós efectos de poder apreciar unha adecuada relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada


2º.- Volume de servizos análogos xa contratados, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

4. ADXUDICACIÓN

A Mesa de Contratación de conformidade cos artigos 150.2 e 320 do TRLCSP evaluará conforme aos aspectos económicos e técnicos sinalados no apartado K) do cadro Anexo as ofertas presentadas e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación.

O órgano de contratación, previos aos informes técnicos correspondentes, se fosen precisos, adxudicará o contrato no prazo máximo de dous meses, salvo outro que sexa indicado no prego, a contar desde a apertura dos proposicións. De non dictarse a adxudicación en dito prazo o empresario ten dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva a garantía depositada.

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación, requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de **dez días hábiles (cinco se o procedemento fora urxente)**, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:





CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



a) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 da TRLCSP.

A Administración poderá rexeita-la admisión de avais e seguros de caución que proveñan de entidades, que se atopen en situación de mora fronte á Administración contratante coma consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais logo de haberse recibido na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola Administración.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, **entenderase que o licitador retirou a súa oferta**, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

O órgano de contratación **deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.**

A adxudicación **notificarase** aos licitadores e simultaneamente **publicarase** no perfil de contratante.


5. GARANTÍA DEFINITIVA

Requirido o licitador que formulase a oferta economicamente mais vantaxosa, estará obrigado a constituír, no prazo **máximo de dez días hábiles (cinco se o procedemento fora urxente)** unha fianza definitiva do 5 por cento do importe de adxudicación, IVE excluído.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do TRLCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP, ou mediante a garantía global coas requisitos establecidos no artigo 98 do TRLCSP. De non cumprir este requisito por causa imputables ao mesmo e dacordo co establecido no Artigo 151.2 do TRLCSP, entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose a un novo requirimento dacordo co establecido en dito artigo.

A garantía definitiva responderá dos conceptos mencionados no artigo 100 do TRLCSP. Deberá de cumprimentarse en todo caso dacordo co modelo anexo a estes pregos cuxos modelos aparecen publicados asemade na web municipal www.arteixos.org.

A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto nos artigos 102 do TRLCSP e 65.2 e 3 do RXLCAP.






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



6. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

a) Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40.1 do TRLCSP a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcurrido este prazo sen que se interpuxera o recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

b) Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis **tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e na data que sinala a Administración.**

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso, esixise.

Se a causa da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizárase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidése ocasionar.

No suposto de resultar adxudicatario, unha proposta dunha Unión Temporal, deberá formalizar a mesma, en escritura pública, así como presentar o C.I.F. da Unión Temporal, dentro do prazo máximo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e sempre 48 horas antes da data fixada para a firma do contrato.

A data de formalización do contrato será publicada no perfil do contratante.

7. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

Cesión

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos a terceiros sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

Subcontratación

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP, así como o pago a subcontratistas e suministradores deberá axustarse ao disposto no artigo 228 do TRLCSP. O incumprimento do prescrito nestes artigos dará lugar ás penalidades establecidas nos artigos 227.3 e 227.7 e asimismo configúrase coma unha causa de resolución conforme o establecido no Art. 223 g).

8. MODIFICACIÓNS E RESOLUCIÓN DO CONTRATO






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Modificación

O presente contrato non poderá ser obxecto de modificación os efectos do previsto no Artigo 106 do TRLCSP, non obstante de concorrer algunha das causas previstas no artigo 107 do TRLCSP poderá procederse á modificación cos límites establecidos no artigo 107.2 e 3, debendo de seguirse e resolverse, con carácter previo a calquera prestación que supoña modificación, o correspondente expediente de modificación do contrato dacordo co previsto no artigo 108 do TRLCSP, que deberá de ser formalizado dacordo co expresado no artigo 156 do TRLCSP e debendo concorrer en todo caso os presupostos sinalados no artigo 219 do TRLCSP.

Resolución

Serán causas de resolución do contrato as establecidas nos artigos 223 e 308 TRLCSP e as establecidas na Cláusula 6 do Prego de Prescricións Técnicas coma infraccións moi graves cando así o declare o órgano de contratación, cos efectos previstos nos artigos 224 e 309 TRLCSP e 109 a 113 do RXLCAP.

O procedemento de resolución realizarase, en todo caso, conforme o artigo 211 do TRLCSP.

Cando o contrato se resolva por culpa do adxudicatario, seralle incautada a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización, no seu caso, por danos e perdas orixinados á administración, no que excedan do importe da garantía incautada.


9. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

Sobre o seu persoal

Non se orixinará ningunha relación laboral, dereito ou expectativa de dereito, entre o persoal da empresa adxudicataria e o Concello de Arteixo como consecuencia da execución dos servizos obxecto da presente contratación. O devandito persoal queda expresamente sometido ao poder direccional e de organización da empresa adxudicataria en todo ámbito e orde legalmente establecido. Polo tanto está obrigada ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, que en cada caso estableza a lexislación aplicable sen que estes cambios poidan xerar alteracións, modificacións ou dereito a revisión dos termos do contrato.

A empresa adxudicataria sinalará un responsable ou representante da empresa para a execución do presente contrato que recibirá exclusivamente calquera indicación ou orde realizada polo Concello que se considere necesaria para a súa correcta execución. Estas indicacións deberán proceder exclusivamente do Alcalde, do Concelleiro responsable dos departamento de Tesourería e Intervención, da propia Tesoureira ou do Interventor. Esta labor exerceráse polo xefe do equipo humano proposto pola empresa adxudicataria tal como se indica na cláusula 2.3 do Prego de Prescricións Técnicas.

A empresa adxudicataria porá a disposición do seu persoal adscrito ó presente contrato os medios materiais necesarios para a súa execución tales como, móbil, ordenador ou conta de correo electrónico, que en ningún caso serán facilitados polo Concello.






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

Sobre a execución do contrato

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados pola administración. Se chegado o remate de calquera dos anteditos prazos, o contratista incorrese en mora por causas imputábeis ao mesmo, a administración poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas. Estas ascenderán á contía que determine o órgano de contratación no contrato ou, no seu defecto, ás fixadas polo art. 212 do TRLCSP.

A perda da garantía ou os importes das penalidades, non exclúen a indemnización por danos e perdas a que poida ter dereito a administración, orixinados pola demora do contratista.

Se o adiamento se producise por motivos non imputábeis ao contratista, estarase ao disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da administración.

Son de conta do contratista, os gastos e impostos dos anuncios e os da formalización do contrato e cantos outros estean legalmente establecidos sobre estas materias.

Son obrigas esenciais do contratista ós efectos do artigo 223 f), as sinaladas no prego de prescricións técnicas particulares.

10. EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e as condicións descritas nas prescricións técnicas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese a administración ao contratista.

A data de comezo dos traballos será a do seguinte ao da sinatura do documentos de formalización do contrato. O prazo de execución e os prazos parciais que, no seu caso, se establezan referidos á data de comezo dos traballos. O prazo de execución será o establecido no apartado L) do **CADRO** anexo. Antes do remate deste prazo e por mutuo acordo das partes, poderá prorrogarse o contrato nos termos sinalados no artigo 303 do TRLCSP, no caso en que se prevea de forma expresa dita prórroga.

Nos contratos de servizos que sexan de tracto sucesivo o contratista está obrigado a presentar un programa de traballo que será aprobado polo órgano de contratación. O adxudicatario está obrigado a presentar un programa de traballo no prazo de quince días a contar dende a notificación da adxudicación definitiva do contrato.

A empresa adxudicataria deberá facilitar ós traballadores os medios persoais e materiais para o seu traballo.

O persoal deberá prestar o servizo debidamente identificado. En caso de producirse unha suspensión do contrato, estarase ao estipulado nos arts. 220 TRLCSP e normas de desenvolvemento. Se a administración acordase unha suspensión dos traballos, redactarase a correspondente acta de suspensión.




CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, nos termos establecidos nos pregos, o contratista queda obrigado á actualización do programa de traballos.

A execución do contrato realizarase polo contratista coas responsabilidades estabelecidas no artigo 305 TRLCSP. Cando o contrato de servizos consista na elaboración íntegra dun proxecto de obra e se comprobe a existencia de efectos, insuficiencias técnicas, erros ou desviacións procederase á incoación do expediente de emenda establecido nos artigos 310, 311 e 312 TRLCSP.

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, dispoñendo para tal fin das prerrogativas establecidas no art. 307 TRLCSP.

A recepción realizarase consonte ao disposto nos apartados 1, 2 e 4 do art. 222 TRLCSP e 203 e 204 do RXLCAP.

A empresa adjudicataria está obrigada a garda-lo segredo profesional respecto á información e documentación proporcionada polo Concello de Arteixo e polos usuarios dos servizos para a realización do obxecto do contrato.

En consecuencia, queda expresamente prohibida a reprodución, distribución, comunicación, transformación, posta a disposición, ou calquera tipo de manipulación da información confidencial do Concello de Arteixo, contida tanto en soportes magnéticos como en soportes convencionais, a ningunha terceira persoa física ou xurídica, de forma gratuíta ou onerosa.

Esta obriga subsistirá tanto durante coma despois da terminación das actividades obxecto do contrato, ata que dita información chegue a ser de dominio público ou, que por outras causas lexítimas, perda a súa consideración de confidencial.

O adjudicatario será responsable do cumprimento das obrigas de confidencialidade do persoal ó seu servizo e de calquera persoa ou entidade que sexa colaboradora ou subcontratada por ela. Asimesmo únicamente permitirá o acceso á información confidencial a aquelas persoas que teñan necesidade de coñecela para o desenvolvemento das actividades e servizos contratados.

11. VALORACIÓN E ABOAMENTO DOS TRABALLOS

A valoración dos traballos axustarase aos artigos 199 e 200 do RXLCAP e ao sistema de determinación de prezos establecido no apartado B) do **CADRO** anexo.

O aboamento dos servizos efectivamente prestados farase contra factura conformada polos departamentos xestores do contrato, na que se reflectirá a prestación do servizo dacordo cos parámetros de determinación do prezo.

12. PRAZO DE GARANTÍA





CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

CONCELLO DE ARTEIXO
APPROBADO POLA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL

12 SET 2012

A SECRETARÍA XERAL

SECRETARÍA

Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org


Será o establecido no apartado M) do **CADRO** anexo.

13. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICIÓN

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. o contrato poderá modificarse unicamente cos límites e requisitos fixados neste prego e na lei.

Os acordos que dite o órgano de contratación, previo informe da secretaría municipal, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación competente, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, consonte ao previsto pola Lei reguladora de dita xurisdicción, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpor recurso potestativo de reposición, previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009
Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

CADRO ANEXO

A) OBXECTO DO CONTRATO ----- ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA COMPROBACIÓN E/OU INSPECCIÓN FISCAL DE TRIBUTOS LOCAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO

Categoría 9 Anexo II TRLCSP. Clasificación CPV: 79212400-7 Servizos de control de fraudes

B) SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO----- Porcentaxe do 15% das cantidades netas recadadas nos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores derivados dos anteriores, IVE e demais exaccións ou tributos engadidos, tal como se sinala na Cláusula 4 do Prego de Prescricións Técnicas

C) ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN----- 75.000,00.-€ IVE incluído, tendo en conta a duración do contrato, dacordo co establecido no artigo 88 do TRLCSP, que supoñen 63.559.32.-€ en concepto de base e 11.440,68.-€ en concepto de IVE.

O pago dos traballos realizarase en función do porcentaxe ofertado polo adxudicatario.

O presuposto máximo total de 75.000,00 € ten carácter estimativo ós efectos de determinar o procedemento de adxudicación pero non ten carácter limitativo pola propia natureza do sistema de determinación do prezo do contrato.

D) APLICACIÓN ORZAMENTARIA----- A correspondente no Orzamento vixente do Concello e Arteixo.

E) REVISIÓN DE PREZOS----- Non Procede

F) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA OU PROFESIONAL OU, NO SEU CASO, CLASIFICACIÓN:


• A solvencia económica acreditarase de xeito específico mediante declaracións de entidades financeiras que farán referencia a capacidade da empresa en relación con este concreto expediente e polo importe sinalado no apartado C deste cadro.

• A solvencia técnica e profesional acreditarase de xeito específico de acordo co establecido na cláusula 2.4 do Prego de Prescricións Técnicas:

o Mediante relación de traballos realizados nos derradeiros 3 anos cun obxecto análogo ó do contrato e presentando un **mínimo de 2 certificados de boa execución** daqueles máis importantes, que inclúa importe, datas e a Administración Pública destinataria dos mesmos e debidamente certificados no xeito que se indica na norma.

o Mediante a presentación para cada un dos membros do equipo humano da empresa adxudicataria adscrito o presente contrato do currículum, as titulacións académicas e profesionais e a relación dos principais servizos ou traballos, no ámbito da inspección tributaria, prestados nos derradeiros tres anos para Administracións Públicas do equipo humano adscrito a prestación do servizo obxecto do contrato.

o Mediante unha relación do material, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ó






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

contrato axeitada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no Plan de Traballo.

• Clasificación: Non se esixe

G) REFERENCIAS TÉCNICAS:----- Ver prego de prescricións técnicas particulares

H) ADMISIÓN DE VARIANTES----- Non se admiten variantes.

I) LUGAR DE ENTREGA DAS PROPOSIÇÕES----- Rexistro xeral do Concello de Arteixo dentro do prazo indicado no anuncio de licitación.

J) LUGAR DE APERTURA DE PLICAS----- Salón de plenos do Concello de Arteixo, NA DATA QUE SE SINALE NO PERFIL DO CONTRATANTE


K) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO----- Os criterios de valoración que servirán de base para a adxudicación do procedemento, relacionados por orde decrecente de importancia e coa correspondente ponderación, serán os seguintes:

A) Criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas: Sobre "C"		De 0 a 80 puntos
1. Oferta económica	70 puntos	
2. Melloras	10 puntos	
B) Criterios avaliados segundo un xuízo de valor: Sobre "B"		De 0 a 20 puntos
3. Plan de traballo	20 puntos	
Total Puntuación Máxima		100 puntos

- Será causa de exclusión a presenza da oferta económica, ou calquera cantidade distinta da de licitación en algún sobre fora do "C".
- A inclusión da proposta de melloras fóra do sobre "C" comportará que dita proposta non se puntúe.
- A inclusión da proposta de optimización técnica dos procedementos fora do sobre "B" comportará que dita proposta non se puntúe.

A ponderación da puntuación máxima destes aspectos farase de conformidade cos seguintes criterios

1. Oferta Económica. Este criterio valorarase de xeito que á menor porcentaxe sobre as






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

cantidades netas recadadas outorgaráselle os 70 puntos e as restantes porcentaxes superiores valorarásen de maneira inversamente proporcional de acordo coa seguinte fórmula.:

$$\frac{\text{Menor Porcentaxe sobre Recadación} \times \text{Puntuación Máxima (90 puntos)}}{\text{Porcentaxe sobre Recadación}}$$

A porcentaxe máxima do 15% establecida no apartado B) e na cláusula 4 do Prego de Prescripcions Técnicas ten carácter limitativo

Respecto á oferta económica aplicarásen a exclusión por ofertas temerarias de acordo co establecido na cláusula 3.2.7 deste Prego sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados

2. **Melloras:** Valorarásen de 0 a 10 puntos en base os seguintes elementos:

- Se compromete a prestar asistencia letrada en xuízo, mediante defensa y representación, por recursos derivados de expedientes tramitados neste contrato, sin limite temporal en canto á súa sustanciación, esto é, con independencia de que o contrato teña finalizado: **7 puntos**
- Cesión gratuita do software de xestión e seguimento dos expedientes de inspección, unha vez rematado o contrato : **1 punto**
- Asesoramento gratuito durante un ano dende a data de finalización do contrato ao equipo municipal de rendas e inspección: **1 punto**
- Tramitación de expedientes de aprazamentos/fraccionamentos: **1 punto**

3. **Plan de Traballo:** Valorarásen de 0 a 20 puntos en base ó seguinte desglose:


- Plan de prestación do servizo que describa os traballos a realizar con indicación dos métodos e organización do traballo, e os mecanismos de coordinación, ata 10 puntos.
- Plan de inspección dos tributos obxecto deste contrato, ata 10 puntos

L) **PRAZO DE EXECUCIÓN** ----- 24 MESES, non considerándose prórroga algunha.

M) **PRAZO DE GARANTÍA** ----- Non se esixe

N) **GARANTÍA PROVISIONAL** ----- Non se esixe

O) **ANUNCIOS DE LICITACIÓN** ----- BOP e perfil do contratante






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 600 009

Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

ANEXO I MODELO DE AVAL

La Entidad (razón social del banco, caja de ahorro, cooperativa de crédito, establecimiento financiero de crédito o sociedad de garantía recíproca) con domicilio (a efectos de notificaciones y requerimientos) en, en la calle/plaza/avenida, código postal, y en su nombre (nombre y apellidos de los Apoderados), con poderes suficientes para obligarle en este acto, según resulta de la verificación de la representación de la parte inferior de este documento,

AVALA

a: (nombre, apellidos y NIF de la persona, o razón social y CIF de la empresa avalada) ante el Ayuntamiento de Arteixo por importe de (en letras mayúsculas) (en números €) para responder de (detallar el objeto del contrato u obligación asumida por el garantizado, según figura redactado en la resolución notificada donde se requiere la garantía, o acuerdo de la junta de gobierno local de adjudicación, identificando el número del expediente y la fecha del acuerdo de la junta de gobierno local o Resolución de Alcaldía).


Este Aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión a que se refiere el artículo 1.830 del Código Civil y con compromiso de pago al primer requerimiento de la Tesorería del Ayuntamiento de Arteixo, con sujeción a los términos previstos en el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público de 14 de noviembre de 2011 y al RD 1098/2001, de 12 de Octubre, el artículo 56 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas y demás normas de desarrollo así como en la normativa reguladora de la Tesorería del Ayuntamiento de Arteixo

Este aval será de duración indefinida, permaneciendo vigente hasta que el Ayuntamiento de Arteixo resuelva expresamente declarar la extinción de la obligación garantizada y la cancelación del aval, siendo inscrito en esta misma fecha en el Registro Especial de Avaluos con el nº

.....(Lugar y fecha de su expedición)
.....(Razón social de la entidad)
.....Firma de los Apoderados)

VERIFICACIÓN DE LA REPRESENTACIÓN POR LA SECRETARÍA GENERAL DEL AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO O POR LA ABOGACÍA DEL ESTADO		
Provincia:	Fecha:	Número o Código:

- Os licitadores poderán consultar **TÓDAS LAS DUBIDAS** que poidan surxir ó longo do procedemento, preferiblemente a través do correo electrónico contratacion@arteixo.org
- Aquelas consultas que teñan relevancia para calquer licitador ou persoa que queira licitar poderán ser publicadas no perfil do contratante ós efectos da súa difusión e público coñecemento.
- Os licitadores serán responsables do cómputo dos prazos.
- Os interesados procurarán na medida do posible medios áxiles, e modalidades urxentes, para remisión das súas ofertas e da documentación que lles fose requerida.
- A publicidade dos pregos no perfil do contratante non implica inicio do cómputo dos prazos que se producirá no momento da publicación dacordo co previsto na lei e nos presentes pregos.






CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel.: 981 600 009
Fax: 981 640 667

Email: contratacion@arteixo.org

ANEXO I MODELO DE AVAL

La Entidad (razón social del banco, caja de ahorro, cooperativa de crédito, establecimiento financiero de crédito o sociedad de garantía recíproca) con domicilio (a efectos de notificaciones y requerimientos) en, en la calle/plaza/avenida, código postal, y en su nombre (nombre y apellidos de los Apoderados), con poderes suficientes para obligarle en este acto, según resulta de la verificación de la representación de la parte inferior de este documento,

AVALA

a: (nombre, apellidos y NIF de la persona, o razón social y CIF de la empresa avalada) ante el Ayuntamiento de Arteixo por importe de (en letras mayúsculas) (en números €) para responder de (detallar el objeto del contrato u obligación asumida por el garantizado, según figura redactado en la resolución notificada donde se requiere la garantía, o acuerdo de la junta de gobierno local de adjudicación, identificando el número del expediente y la fecha del acuerdo de la junta de gobierno local o Resolución de Alcaldía).

Este Aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión a que se refiere el artículo 1.830 del Código Civil y con compromiso de pago al primer requerimiento de la Tesorería del Ayuntamiento de Arteixo, con sujeción a los términos previstos en el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público de 14 de noviembre de 2011 y al RD 1098/2001, de 12 de Octubre, el artículo 56 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas y demás normas de desarrollo así como en la normativa reguladora de la Tesorería del Ayuntamiento de Arteixo

Este aval será de duración indefinida, permaneciendo vigente hasta que el Ayuntamiento de Arteixo resuelva expresamente declarar la extinción de la obligación garantizada y la cancelación del aval, siendo inscrito en esta misma fecha en el Registro Especial de Avaluos con el nº

.....(Lugar y fecha de su expedición)


.....(Razón social de la entidad)

.....Firma de los Apoderados)

VERIFICACIÓN DE LA REPRESENTACIÓN POR LA SECRETARÍA GENERAL DEL AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO O POR LA ABOGACÍA DEL ESTADO

Provincia:	Fecha:	Número o Código:
------------	--------	------------------

- Os licitadores poderán consultar **TÓDALAS DUBIDAS** que poidan surxir ó longo do procedemento, preferiblemente a través do correo electrónico contratacion@arteixo.org
- Aquelas consultas que teñan relevancia para calquer licitador ou persoa que queira licitar poderán ser publicadas no perfil do contratante ós efectos da súa difusión e público coñecemento.
- Os licitadores serán responsables do cómputo dos prazos.
- Os interesados procurarán na medida do posible medios áxiles, e modalidades urxentes, para remisión das súas ofertas e da documentación que lles fose requerida.
- A publicidade dos pregos no perfil do contratante non implica inicio do cómputo dos prazos que se producirá no momento da publicación dacordo co previsto na lei e nos presentes pregos.






CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

En cumprimento da Resolución da Alcaldía 1863/2012 de 5 de setembro se redactan os seguintes pregos :

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA COMPROBACIÓN E/OU INSPECCIÓN FISCAL DE TRIBUTOS LOCAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO.

1. OBXECTO DO CONTRATO

Será obxecto deste contrato o asesoramento e colaboración na comprobación e/ou inspección fiscal dos tributos do Concello de Arteixo (agás os excluídos no parágrafo seguinte), así como nos procedementos sancionadores que se poidan derivar das actuacións de comprobación e/ou inspección fiscal.

En concreto, son obxecto deste contrato os seguintes tributos: o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, o Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalía) e as taxas que se xestionen directamente polo Concello.

Non se inclúe no obxecto deste contrato o Imposto sobre Bens Inmóbiles, Imposto de Actividades Económicas nin Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica por estar delegada a súa xestión na Excm. Deputación Provincial da Coruña.

2. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS



2.1. Consideracións xerais

A actividade que deberá desenvolver o contratista componse de asesoramento e colaboración.

2.1.1. Asesoramento

Consiste no asesoramento contínuo con contacto permanente tanto vía telefónica, correo electrónico, como presencialmente, nas oficinas municipais e no lugar que legalmente proceda, dependendo das actuacións de comprobación e/ou inspección, para resolver no acto cuestións teóricas e prácticas que se susciten no estudo e tramitación dos expedientes de comprobación e/ou inspección fiscal e nos expedientes sancionadores que se poidan derivar daqueles.

En concreto, incidirase en deseñar, analizar e avaliar as actividades de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadoras, así como atender as dúbidas referentes á redacción, contido e efectos de tódolos documentos emanados do Concello no exercicio das actuacións derivadas daqueles procedementos.






CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

2.1.2. Colaboración

Comprende a realización “in situ” de toda as fases dos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores.

2.1.2.1. Preinstrucción

Nesta fase analízase a situación de cada contribuínte. Elaboración de proposta de Plans de Inspección, que serán obxecto de aprobación polo órgano competente.

2.1.2.2. Procedemento Inspector

Elaboración das comunicacións de inicio de actuacións inspectoras, con requerimento de documentación. Elaboración das dilixencias que deban extenderse no procedemento de inspección. Elaboración das comunicacións que deban emanarse dos procedementos de inspección. Elaboración da Proposta de Regularización, e da notificación da mesma. Elaboración material do Informe-Proposta para autorización da tramitación de Actas con acordo, así como do Decreto de autorización. Elaboración dos borradores das Actas. Elaboración das Actas. Elaboración do Informe Ampliatorio no caso de Actas de disconformidade. Elaboración da Notificación das Actas no caso de Actas de Disconformidade. Elaboración do Informe-Proposta de Decreto de Aprobación de liquidacións por transcurso de prazo no caso de Actas con acordo e Actas de Conformidade. Elaboración material do Decreto de Aprobación de liquidacións por transcurso de prazo no caso de Actas con acordo e Actas de Conformidade. Elaboración do Informe-Proposta de Resolución de alegacións. Elaboración dos Decretos de resolución de alegacións. Elaboración das notificacións dos Decretos de Resolución de alegacións.

2.1.2.3. Procedemento de comprobación limitada

Elaboración das comunicacións de inicio de actuacións comprobadoras, con requerimento de documentación. Elaboración das Propostas de Regularización. Elaboración da notificación das Propostas de regularización. Elaboración material do Informe-Proposta de resolución de alegacións. Elaboración material dos Decretos de resolución de alegacións. Elaboración das notificacións dos Decretos de resolución de alegacións.

2.1.2.4. Procedemento sancionador

Elaboración do inicio do procedemento sancionador. Elaboración da Proposta de Sanción. Elaboración da notificación da Proposta de Sanción. Elaboración material do Informe-Proposta de resolución de alegacións. Elaboración material dos Decretos de resolución de alegacións. Elaboración das notificacións dos Decretos de resolución de alegacións.


2.1.2.5. Resolución de recursos



CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

Elaboración material do Informe-Proposta de resolución de Recursos. Elaboración material da resolución administrativa. Elaboración da notificación da resolución administrativa.

2.1.2.6. Notificacións

Corresponderá ao adxudicatario a realización dos seguintes cometidos en materia de notificacións:

- Elaboración material dos documentos de notificación que saian do Departamento de Rendas e Exaccións, integrantes ou vinculados a algún expediente de comprobación e/ou inspección fiscal ou sancionador que sexa obxecto do presente contrato.
- Realización efectiva da notificación dos devanditos documentos. O custo das notificacións (incluso edictal, de ser o caso) correrá a cargo do adxudicatario, incluso o custo das notificacións das liquidacións que xurdan dos distintos procedementos.

2.1.2.7. Memoria



Con carácter trimestral e na primeira quincena de cada trimestre dende a sinatura do contrato, o adxudicatario elaborará unha memoria cos traballos realizados ata o momento e a planificación de tarefas para o futuro, así como a expedición de estadísticas, resúmenes, estados, detalles de situación da tramitación de expedientes e demais información que lle sexa requerida polo concello dita memoria será entregada no rexistro de entrada dentro do prazo sinalado

2.2. Aplicación informática

Para a execución do contrato, a empresa deberá poseer un programa específico de procedemento inspector e sancionador que sirva de instrumento de xestión á actividade concreta, e poñer a disposición dos responsables municipais de Xestión Tributaria, Tesoureiría e Intervención do Concello de Arteixo a posibilidade de acceso telemático a este módulo específico para a súa consulta.

2.2.1. As funcionalidades mínimas do módulo serán as seguintes:

- Análise da información tributaria.
- Formación de lotes de contribuíntes, feitos impositivos ou bens obxecto de inspección.
- Asignación dos lotes de inspección ás persoas responsables da súa execución.
- Rexistro das actas.
- Asignación da tipoloxía graduada de sancións segundo a legislación vixente.
- Elaboración dos distintos documentos nos que se sustenta a inspección: comunicacións, dilixencias, actas, informes, etc.






CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N° MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

- Elaboración dos distintos documentos nos que se sustentan os expedientes sancionadores.
- Xeneración de liquidacións, xuros de demora, sancións.
- Seguemento permanente do grao de cumprimento das actuacións inspectoras, do resultado das notificacións, do resultado recadatorio e do cumprimento da sanción acordada.

2.2.2. A empresa adxudicataria facilitaralle ao Concello, coa periodicidade que se determine e no formato que indicará o Servicio de Rendado-Tesoureira, un ficheiro que conteña a información elaborada na súa aplicación informática, co obxecto de continuar a xestión tributaria e recadatoria no sistema informático municipal.

2.3. Equipo Humano

O persoal contratado pola empresa adxudicataria en ningún caso terá a consideración ou carácter de funcionario ou empregado do Concello, nin relación laboral de ningún tipo co mesmo, dependendo exclusivamente da citada empresa que deberá atender o pagamento da súa retribución e de todas as obrigas de índole laboral .

Os traballos obxecto deste contrato realizaranos persoas con experiencia ampla na inspección dos tributos locais, con coñecementos teóricos e prácticos, e actuarán conxuntamente co persoal de Rendado e exaccións.

Todo elo sen perxizo das actuacións de coordinación que corresponden á Tesoureira Municipal e da fiscalización a realizar polo Interventor Municipal.


O equipo humano estará formado por:

I. Un **xefe de proxecto**, como máximo responsable e encargado da execución do contrato que asumirá os seguintes cometidos:

- A responsabilidade do funcionamento da inspección e a efectiva execución dos traballos.
- A cualidade das actuacións realizadas e da redacción dos documentos que se deban emanar por parte do Concello nos expedientes obxecto deste contrato.
- Seguemento das actuacións e cumprimento das cláusulas contractuais.
- Relación cotiá co persoal da Intervención e Tesoureira Municipais, actuando de interlocutor entre a empresa adxudicataria e o Concello de Arteixo
- Colaboración activa co Departamento de rendado e exaccións.

II. Un **equipo técnico**, composto por un mínimo de unha persoa, que se adscribe directamente ó proxecto no Concello de Arteixo

Na oferta indicárase o persoal que a empresa vai adscribir á execución do presente contrato e non se poderá modificar o persoal adscrito sen autorización expresa do Concello de Arteixo






CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

2.4. Solvencia técnica das entidades licitadoras

A solvencia técnica deberá ser acreditada polos seguintes medios.

2.4.1. Certificados de boa execución.

As entidades licitadoras deberán presentar unha relación de traballos directamente relacionados co obxecto do contrato, executados nos últimos tres anos, acompañada de certificados de boa execución para aqueles máis importantes.

2.4.2. Medios persoais

Xustificarase documentalmente a formación i experiencia de cada unha das persoas que formen parte do equipo humano sinalado anteriormente e adscritas á execución do contrato mediante:

- Presentación do seu **currículo**
- Documentación acreditativa da **titulación** en función do seu posto no equipo humano:
 - o O xefe de proxecto necesariamente é un titulado superior en Dereito, CC. Económicas ou CC. Empresariais
 - o Os membros do equipo técnico deberán ser diplomados ou titulados superiores (Licenciados)
- Relación dos **principais servizos ou traballos** prestados por cada un dos membros do equipo humano que permita acreditar a experiencia en materia de inspección tributaria na administración pública, como mínimo durante os últimos tres anos.

2.4.3. Medios materiais

Relación de material, equipos e medios auxiliares que o licitador adscribirá ao contrato, acompañada ás súas características de acordo coas necesidades establecidas no programa de traballo.

3. PRAZO DE EXECUCIÓN


O prazo xeral de execución do contrato é de 24 meses contados a partir del día seguinte a la firma del contrato.



CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

Durante este prazo a empresa adxudicataria facturará **en función das cantidades netas efectivamente recadadas** nos expedientes de comprobación e/ou inspección fiscal por ela tramitados.

3.1. Criterios para determinar que a actividade de asesoramento e colaboración está realizada polo contratista dentro do prazo de execución de 24 meses.

- **PROCEDEMENTOS DE COMPROBACIÓN LIMITADA:** unha vez asinada a Proposta de Regularización e sempre que os interesados non presenten alegacións contra a devandita Proposta de Regularización nin Recursos Administrativos contra a liquidación dentro dos prazos establecidos para a presentación de alegacións ou recursos, ou aínda no caso de que se presenten, sempre que a empresa realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos administrativos, dentro do prazo xeral do contrato de 24 meses.



- **PROCEDEMENTOS DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA:** Distinguiráse en relación coas clases de actas que se indican a continuación:

a.- actas con acordo: unha vez se teña asinada a Acta polas partes interesadas, e sempre que os interesados non presenten Recurso extraordinario de revisión dentro dos prazos establecidos ao efecto, ou aínda no caso de que se presenten, sempre que o contratista realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de recursos, e sempre que o contratista realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego para a tramitación das resolucións polas que as liquidacións contidas neste tipo de actas se transformen en liquidacións firmes.

b.- actas de conformidade: unha vez se teña asinada a Acta polas partes interesadas, e sempre que os interesados non presenten Recursos Administrativos contra a liquidación dentro dos prazos establecidos ao efecto para a presentación de recursos, ou aínda no caso de que se presenten, sempre que o contratista realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos dentro do prazo xeral do contrato, e sempre que o contratista realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego para a tramitación das resolucións polas que as liquidacións contidas neste tipo de actas se transformen en liquidacións firmes.

c.- actas de disconformidade: unha vez se asina a Acta correspondente, e sempre que a empresa realice tódalas actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos dentro do prazo xeral do contrato.

- **PROCEDEMENTOS SANCIONADORES:** unha vez asinada a Proposta de Sanción, e sempre que os interesados non presenten alegacións contra a devandita Proposta de Sanción nin Recursos Administrativos contra a liquidación de sanción tributaria dentro dos prazos establecidos para a presentación de alegacións e recursos, ou aínda no






CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

caso de que se presenten, sempre que a empresa realice todas as actuacións que lle corresponden segundo este prego relativas á resolución de alegacións e á resolución de recursos dentro do prazo xeral do contrato.

3.2. Criterios para determinar a deuda tributaria cobrada e dereito de cobro por parte da empresa adxudicataria.

Entenderáse por cantidade neta efectivamente recadada a cantidade que se corresponda con principal, intereses de demora correspondentes pola regularización dos atrasos na tributación dos contribuintes, e sancións que no seu caso corresponda, **sen incluír as contías que sexan consecuencia do período executivo, isto é, recargos e intereses do procedemento de constrinximento, os cales xestionará o Servizo de Recadación da Deputación Provincial.**



A remuneración polo mencionado servizo se xira sobre o importe das liquidacións cobradas xeneradas en período voluntario, aínda que o cobro se produza posteriormente, incluso unha vez o contrato de prestación de servizos de inspección teña finalizado, sen incluír en ningún caso os recargos nin intereses derivados do procedemento de constrinximento, e sempre que se cumpran os criterios para determinar que a actividade de asesoramento e colaboración está realizada polo contratista dentro do prazo de execución de 24 meses, segundo o punto 3.1.

No caso de liquidacións emitidas como consecuencia da colaboración na inspección, comprobación e investigación, que teñan sido suspendidas, para que se devengue a remuneración a favor do contratista, unha vez cese a suspensión mediante resolución que resolva o conflito, será preciso que se teña producida a recadación da liquidación, e na remuneración a favor do contratista non se incluírán os intereses de demora derivada da suspensión.

No caso de que algunha liquidación xa cobrada fóra recurrida e posteriormente anulada en instancia administrativa ou xudicial, o contratista non terá dereito á remuneración polas cantidades anuladas, polo que, se xa fóra retribuída a éste, virá obrigado á devolución da porcentaxe da súa colaboración no prazo de trinta días dende que lle sexa notificada a resolución correspondente.

3. ORZAMENTO DO CONTRATO

Consonte coa modalidade deste contrato, o orzamento máximo do gasto será a suma do 15% das cantidades netas recadadas nos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores derivados dos anteriores, IVE e demais exaccións ou tributos engadidos.






CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

Entenderáse por cantidade neta recadada a cantidade que se corresponda coas liquidacións, **sen incluír as contías que sexan consecuencia do período executivo**, as cales xestionará o Servizo de Recadación da Deputación Provincial.

Para realizar unha estimación do orzamento de licitación deben coñecerse as bases impositivas defraudadas ou que se están a ocultar no ICIO. Este dato non se coñece, porque se se coñecera, este contrato carecería de necesidade. Non son ilustrativas as cantidades que se teñen recadado co contrato actualmente en vigor toda vez que a inspección fíxose sobre todos os exercicios non prescritos, isto é, licencias solicitadas dende o 2003 ata agora.

Sen embargo, como cómpre determinar un orzamento de licitación, pódese tomar como referencia o importe de 75.000 euros, igual que no contrato anterior, para o horizonte temporal de dúas anualidades.

4. LUGAR OU LUGARES DE EXECUCIÓN DA PRESTACIÓN OU PRESTACIÓNS OBJECTO DO CONTRATO



O contratista deberá manter durante a execución do contrato, unha oficina de traballo, situada no municipio de Arteixo. Na oficina tamén se desenvolverán tarefas de atención e información ao contribuínte a respecto dos datos obxecto deste contrato.

5. FORMA DE CONSTATAÇÃO, POR PARTE DO CONCELLO, DA CORRECTA EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS OBJECTO DE CONTRATO

O departamento de Rendas e Exaccións municipal, procederá ao examen e comprobación detallados das actuacións propostas polo contratista para determinar se foron realizadas de acordo co contrato. Se, como consecuencia do exame e comprobación detallada, atopan conformes as actuacións propostas, emitirá o seu informe favorable e continuará a tramitación. Todo elo sen perxuízo das actuacións de coordinación que corresponden á Tesoureira Municipal e da fiscalización a realizar pola Intervención Municipal.

Cando as actuacións propostas non estean conformes, a Tesoureira dará, por escrito, ao contratista, as instrucións que considere necesarias co obxecto de remediar á súa custa as faltas ou defectos observados, fixándolle o prazo para facelo, compatible co prazo total do contrato, expirado o cal e realizada nova entrega, procederá, en igual forma, a un novo exame e comprobación detallados.

Se, transcorrido o dito prazo, o contratista non cumpriuse, e sempre que non lle quede tempo disponible do prazo do contrato, resolverase coas penalizacións que a tal efecto se reflicten no prego administrativo, a non ser que a Administración crea oportuno concederlle un novo prazo, que será improrrogable.






CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

Se existe reclamación por parte do contratista respecto das observacións e instrucións formulados polo persoal municipal, que a través da Tesoureira ás elevara, co seu informe, ao órgano de contratación. Se o contratista non reclamase, por escrito, dentro do prazo de dez días, contados a partir da recepción do escrito da tesoureira, entenderase que está conforme.

A empresa adxudicataria terá carácter de empresa contratista do Concello co alcance definido no Prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.



A empresa adxudicataria non terá en ningún caso carácter de órgano municipal nin dependerá orgánicamente do Concello de Arteixo nin formará parte da súa estrutura administrativa.

6. COMPROBACIÓNS QUE SE RESERVA A ADMINISTRACIÓN NO RECOÑECIMENTO DO MATERIAL NO MOMENTO DA RECEPCIÓN DO CONTRATO.

Unha vez realizada a entrega de todos os traballos emitirase un informe de conformidade ou disconformidade dos mesmos, por la Tesoureira Municipal.

Se o dito informe é favorable, procederase á recepción dentro do mes seguinte de se ter producido a entrega dos traballos, á que concorrerán o Interventor, a Tesoureira, a Técnico de Rendas e Exaccións, e o contratista ou o seu representante autorizado. Se se considera que o traballo reúne as condicións debidas darase por recibido, redactando para este efecto a acta correspondente.

Se os traballos non reunisen as condicións necesarias para proceder á súa recepción, dictaranse, por escrito, ao contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas no prazo que para iso se fixe, que será sen sanción, non procedendo a recepción dos traballos ata que as ditas instrucións sexan cumpridas, caso no que se redactará a acta correspondente. O seu incumprimento sen motivo xustificando será causa de resolución contractual.






CONCELLO DE ARTEIXO

RELGA N° MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)



Tel: 981 60 00 09
Móbil: 696 45 45 34
Fax: 981 64 06 67

ANEXO

Son criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato os seguintes, por orde decreciente de importancia con arranxo á seguinte ponderación:

a) Oferta económica: hasta 70 puntos.

Asignarase 70 puntos á maior baixa no prezo e de xeito proporcional a ditos puntos ás baixas inferiores.

b) Plan de traballo: hasta 20 puntos


Valorarase o seguinte:

- Plan de prestación do servizo que describa os traballos a realizar con indicación dos métodos e organización do traballo, e os mecanismos de coordinación, hasta 10 puntos
- Plan de inspección dos tributos obxecto deste contrato, hasta 10 puntos

c) Melloras: hasta 10 puntos.

Se valorarán exclusivamente as seguintes melloras, que de cumprirse, se puntuarán do seguinte xeito:

- Se compromete a prestar asistencia letrada en xuízo, mediante defensa y representación, por recursos derivados de expedientes tramitados neste contrato, sin limite temporal en canto á súa sustanciación, esto é, con independencia de que o contrato teña finalizado: 7 puntos
- Cesión gratuita de software de xestión e seguimento de expedientes de inspección unha vez rematado o contrato : 1 punto.
- Asesoramento gratuito durante un ano dende a data de finalización do contrato ao equipo municipal de rendas e inspección: 1 punto
- Tramitación de expedientes de aprazamentos/fraccionamentos: 1 punto



Arteixo a 6 setembro de 2012,

